

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ E A ARQUEOLOXÍA DE RESISTENCIA

Carlos García Martínez

Museo do Pobo Galego

Fernando Acuña Castroviejo

Universidade de Santiago

Afable, cabal e franco, de conversa cativadora, dono de variados e amplos saberes, atal os dun humanista; esta foi a impresión primeira que nos causou Xosé María Álvarez Blázquez. En pouco tempo soubemos da súa xenerosidade, do circio compromiso con Galiza e da súa cordial amizade coa que tivo a ben honrarnos.

Aínda que un de nós (FAC) sabía do noso autor dende 1967 por ter frecuentado a almoneda Monterrey, na viguesa rúa de Pi y Margall, a nosa presentación formal ocorreu á altura da primavera de 1968, no que fora Hospital Real de Peregrinos, de Santiago, na grande e cívica homenaxe que se lle tributou a D. Ramón Otero Pedrayo co gallo do seu oitenta aniversario. Fora naquel acto de afirmación galeguista, no que participaría a intelectualidade do país e representacións doutros varios, entre os que destacaba Portugal, onde, e pola mediación de Fermín Bouza Brey, coñecemos a moitos dos asistentes, entre eles, Xosé María Álvarez Blázquez. Naquela patriótica xuntanza teriamos un adianto do seu compromiso ao responsabilizarse da edición do orixinal de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, *Santa Marta de Moreiras, monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, que o autor non conseguira publicar pese a varias tentativas. Para as cuartillas orixinais e os deseños, amarelecidos xa polo tempo, concluía o ir e vir na procura da súa impresión. Coa axuda dalgúns galegos da emigración, o Álvarez Blázquez editor tiraría do prelo o libro escasamente un ano despois, en febreiro de 1969, baixo o carimbo de Edicións Castrelos e do seu persoal coidado, como figura no colofón.

A partir daquel ano de 1968 mantivemos relación amical até o seu pasamento en 1985. Tempo para colaborar no eido arqueolóxico, que das varias disciplinas que cultivaba era á que lle profesaba unha especial querenza, con algunha que outra xeira na redonda de Coruxo, na procura dos característicos petróglifos, entre eles o de San Lourenzo, ou de xacementos castrexos e romanos; con sesións discutindo materiais que teimaba en publicar conxuntamente (Acuña, 1987), na área arqueolóxica do Museo de Castrelos, que porfiaba en ordenar e mellorar, sesións nas que a súa capacidade observadora e perspicacia, con aquel seu modo de tocar as pezas, case aloumiñándoas coas súas pequenas mans –actitude que tan ben caracteriza o seu fillo Xosé María no seu belido e esencial libro *Tempo do pai* (Álvarez Cáccamo, 2008: 19)–, clarexaban dúbidas na súa

clasificación, emprego e interpretación; e ao cabo, senlleira, a cista de Atios, nas súas queridas gándaras de Budiño, correspondente a unha das facies culturais da nosa prehistoria máis descoñecida, xácigo que fornecera interesante enxoval, e que viu a luz en 1970 (Álvarez Blázquez, Acuña Castroviejo, García Martínez, 1970). De par, o labor nas institucións, na fundación e inicial andaina do Museo do Pobo Galego, do que foi Vicepresidente, ou no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, tentando proseguir no ronsel marcado polo Seminario de Estudos Galegos.

Xosé María Álvarez Blázquez non chegou a formar parte desta última institución, que tanto e ben fixo pola definición e modernización de Galiza, pese a que denantes do alzamento, que ignominiosamente acabaría co centro, xa tiña publicado un breve artigo arqueolóxico sobre do castro da Guía, en Tui, na revista *Tude* do Instituto desta vila (Álvarez Blázquez, 1935), realizando algunhas prospeccións, como as do castro de Cabeza de Francos, na vila natal en 1933 e a do castro de San Xoán de Baión, en Arousa, en 1934, cuxos textos redactados en 1948 e 1934, respectivamente, permaneceron inéditos até este ano conmemorativo (Álvarez Blázquez, en Méndez Quintas, 2008: 245-252 e 209-218). Mención especial débese facer da recadádiva de útiles paleolíticos e mesolíticos na comarca de Tui, baixo a dirección de D. Manuel Fernández Costas, útiles destinados ao museo escolar que se instalara no Instituto de 2º Ensino. Pero se ben non ingresou no SEG, o seu traballo inscíbese na tradición que caracterizou a moitos dos homes que o integraron: levar a termo o seu labor abranguendo varios eidos do saber e que Otero Pedrayo xustificaba, por razón do momento e da precariedade da investigación precedente, na premente necesidade de estudar e desvelar a formación histórica de Galiza e a súa identidade, como elementos chave para toda reivindicación. A esta tarefa dedicou o seu afán aquel centro benemérito e nesta liña o fixo o noso autor, quen habería traballar na arqueoloxía, historia, etnografía, biblioloxía, e tamén destacadamente na creación literaria e no activismo cultural, igual que non poucos ilustres membros do Seminario. O polígrafo que foi Filgueira Valverde, conspicuo representante desta tradición, fixo un acaído retrato:

Xosé María Álvarez Blázquez o mesmo andaba a excavar unha estación paleolítica ou unha cista do Bronce, que salvaba do lume un arquivo, descubría un inédito trascendente, rexía unha librería, montaba unha editorial, dirixía unha colleita de publicacións para o pobo como non houbo outra, escribía o guión dun filme, estrenaba unha peza de teatro, lanzaba unha fermosa novela, daba unha lección maxistral, xogaba cos nenos, parolaba con todos e cantaba na liña da nosa máis inxel tradición lírica, tan afeito ó trato cos poetas dos “Cancioneiros” que podía compor “cantigas de amigo” que graves eruditos tomaban por auténticos froitos de medievo (Filgueira Valverde 1987: 397).

Un quefacer polifacético, manifestado xa na xuventude e que foi conformando ao longo da súa vida unha importante obra, que pode cualificarse de diversificada, que non dispersa, como ten salientado con acerto Álvarez Cáccamo (2008: 176).

Desta poliédrica actividade é a materia arqueolóxica a que aquí nos interesa. A súa inclinación por esta comezou axiña, segundo todas as referencias, cando mocíño. No libro referido, dise que aquela disciplina fora “unha paixón que prendeu nel nos días da adolescencia tudense” (Álvarez Cáccamo, 2008: 17), paixón que non habería deixalo até a morte. As propias palabras do autor, que naquel se recollen, son esclarecedoras: “O gusto polo primitivo, a simpatía por todo o balbuciente, por todo o que comeza” (Álvarez Cáccamo, 2008: 176), contribúe a comprender ese afecto pola prehistoria e as arqueoloxías, pola orixe das culturas, das antergas amosas da actividade do home nesta terra. O que era algo inherente á súa personalidade, adquire logo unha dimensión de compromiso que encontra un campo de traballo idóneo nese estudo das orixes e formación da realidade galega e do noso ser como pobo. En palabras de Álvarez Cáccamo, “Esa pulsión de regreso á semente nace da necesidade temperamental e política de camiñar na procura das raíces de nós, do ser de Galiza, da matriz que nos explica e xustifica” (2008: 177).

En Tui terá un referente inmediato en D. Manuel Fernández Costas, un dos primeiros eruditos que se ocuparon da recollida e exame das industrias líticas prehistóricas naquela zona (Fernández Costas, 1929 e 1930) e que, segundo testemuña o propio autor, en 1934 foran “as agarimosas verbas de alento do meu querido mestre don Manuel Fernández Costas” as que o convenceron para publicar na revista *Nós* o seu traballo sobre do xa citado castro de San Xoán de Baión, en Vilanova de Arousa (Álvarez Blázquez, en Méndez Quintas, 2008, 217). Non obstante, este artigo non chegou a ver a luz na devandita revista, ficando inédito até este seu ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Dedúcese do que antecede que Fernández Costas fose naqueles tempos de principiante o seu valedor nestas angueiras. Os balbos pasos iniciais no mundo da arqueoloxía acadan un punto de inflexión co traballo intitulado “A necrópole prerromana de Coreses” (vila zamorana á que fora desterrado a raíz da suspensión como escolante que lle imponen os sublevados), que escava en 1939 e cuxos resultados redacta en 1940. Este escrito, inédito até 2008 (Álvarez Blázquez, en Méndez Quintas, 2008: 227-244), pon de manifesto un meirande dominio da bibliografía e soltura na presentación, sendo o máis interesante nesta súa primeira etapa arqueolóxica. É de subliñar que no escaso tempo que permanece na escola de Coreses se preocupase polo coñecemento da cultura protohistórica desta área, pertencente ao mundo ibérico, extremo que deixa albiscar esa inclinación temperamental ás orixes, que se mencionou máis arriba. Di o noso autor con respecto a este traballo que o fixo co propósito de contribuír “sequera sexa humildemente ao esclarecemento do pasado histórico da provincia, á que nos ligan lazos de non moi afastada oriunde” (Álvarez Blázquez, en Méndez Quintas, 2008: 227). Neste sentido lémbrese que o seu avó paterno Emilio Álvarez Giménez, destacado erudito que inicia a preclara xinea dos Álvarez, que afinca en Pontevedra como profesor do seu Instituto, nacera na Pobra de Sanabria.

Xosé María Álvarez Blázquez, como a maior parte dos homes que levaron até os anos sesenta do século pasado o peso do labor arqueolóxico en Galiza, non foi un profesional desta ciencia. A súa formación será a dun autodidacta, que a partir dos primeiros anos da década dos corenta se integra no grupo de investigadores, moitos deles procedentes do Seminario de Estudos Galegos, e que dende o compromiso co país han continuar nuns tempos de opresión a vizosa laboría desenvolvida ao longo do primeiro terzo do século XX, que fora tan violentamente interrompido pola guerra.

Fóra dos traballos da súa adolescencia, algúns deles xa mencionados, será xa andados os anos corenta do século pasado cando a súa tarefa arqueolóxica atinxa un especial relevo. Por este tempo debeu estreitar a relación cos estudosos que denantes da conflagración salientaran neste eido, como López Cuevillas e Bouza Brey, e tamén Lorenzo Fernández e Fraguas Fraguas, quen pese ás pexas e os riscos existentes, retomaran paseniño o traballo coutado en 1936. A este núcleo hai que engadir os nomes de Taboada Chivite, Ferro Couselo e Chamoso Lamas, así como os de Monteagudo García, Sobrino Lorenzo-Ruza ou García Alén (Alfredo) e o propio Álvarez Blázquez, que se irán incorporando ao longo da década dos corenta e comezos dos cincuenta.

O ermo cultural que se instala logo da guerra e a represión que se exerce marcarán esta nova andaina no proceso de restauración da identidade de Galiza. Esta situación afectará tamén á arqueoloxía, que debe ser caracterizada por eses anos como unha arqueoloxía de resistencia. Desaparecido o Seminario de Estudos Galegos, a institución que abeirara e impulsara todo o frutífero traballo feito na preguerra, unha Universidade na que a arqueoloxía como disciplina académica non contaba (Armada Pita, 2003-2005) e as propias circunstancias persoais dalgúns dos seus investigadores, que haberían aturar represalias e o exilio interior, deseñaban un escenario no que o seu estudo se facía dificultoso e nada favorable dende unha perspectiva galeguista (García Martínez, 2007: 53). O desmantelamento do SEG suporá, de par da perda de vidas, a represión e estrañamento de moitos dos seus membros e a paralización de todo un intento de modernización do país, no que a investigación ocupaba lugar fundamental. Tallábase tamén unha forma de traballo interdisciplinaria, innovadora, en equipo, que comezaba a dar excelentes resultados, e perdíanse as magníficas relacións establecidas con diversas universidades e centros científicos da península e doutros países europeos, tan imprescindibles para a actualización do coñecemento. O campo dos estudos de prehistoria e arqueoloxía tivo na institución un lugar preponderante e abrónse novas perspectivas de análise e sistematización (Prado Fernández, 1997).

A falla dunha cobertura institucional déixase sentir e o labor individual, de habelo, desenvolverase nos primeiros anos da década dos corenta na máis absoluta precariedade e baixo innumerables atrancos. Neste tempo non haberá traballos de campo e a escasa produción bibliográfica aparecerá en revistas portuguesas, algunha en galego, ou nas galegas que seguiron a publicarse, obviamente en castelán, tratándose con probabilidade

de de artigos preparados denantes de 1936. Cunha focaxe posibilista reanúdanse os traballos procurando o abeiro dalgúns museos, como o de Ourense a través do Grupo Marcelo Macías, que se funda en 1941, ou o de Pontevedra. Particular interese terá a creación en 1944 do Instituto “Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, dependente do CSIC, arremedo do SEG e do que recolle parte dos bens e fondos que lle foran espoliados, e no que superadas non poucas e lóxicas reservas e desconfianzas, ingresarán parte dos homes daquel. Alí atoparán un lugar para desenvolver a súa actividade intelectual e investigadora.

O centro estruturárase en Seccións de nomenclatura semellante ás do Seminario, pero excluindo as de ciencias e a denominada de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. As limitacións impostas reducen o campo de análise ás disciplinas de contidos máis históricos ou etnográficos. Unha das Seccións máis activas será a de Prehistoria e Arqueoloxía, que dirixirá Florentino López Cuevillas.

Na reorganización da arqueoloxía vai xogar un destacado papel o mestre ourensán, referente sobranceiro na súa investigación e sistematización, quen aglutinará ao seu redor a maioría dos nomes atrás referidos. Pola súa banda, o Instituto Padre Sarmiento dará, en certa medida, cobertura institucional ao labor que nesta nova xeira comeza a se realizar. O recuperado da vella biblioteca do SEG, os materiais bibliográficos que veñen incrementala, as relacións que ao seu través se restablecen ou se inician, e a revista, órgano do centro, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, que posibilitará os intercambios con outras publicacións especializadas, conformarán un razoable esteo, que impulsará a investigación, particularmente a arqueolóxica (García Martínez, 2007).

Un outro factor ha ter a súa importancia nesta etapa na historia da arqueoloxía galega: a chamada Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas que, dende a súa creación polo réxime franquista en 1939 e até o inicio dos anos sesenta, monopolizará e controlará a práctica da arqueoloxía en todo o Estado. Por este organismo do réxime, organizado en Comisarías Locais, Provinciais e Insulares, e no que formaban dende profesores universitarios e conservadores de museos até afeccionados, pasará toda a práctica da arqueoloxía, o que obrigaba a ter a designación de Comisario para efectuar calquera tipo de escavación, que incluso a propia Comisaría General podería financiar. Na práctica e pola súa propia estrutura territorial e local, o seu funcionamento foi relativamente descentralizado. A situación non deixaba moitas opcións para proseguir no labor de estudo das orixes da xénese histórica de Galiza, sen contar co devandito organismo. Nestas circunstancias e cun sentido posibilista foi aproveitada a organización zonal das Comisarías para desenvolver unha importante tarefa de defensa e recuperación do patrimonio histórico-cultural e a investigación, a través das escavacións arqueolóxicas, que dependían da súa autorización e que, en casos, aquela patrocinaba (García Martínez, 2007: 56).

Ao grupo de Comisarios Provinciais e Locais –López Cuevillas, Bouza Brey, Filgueira Valverde, Chamoso Lamas, Taboada Chivite, Vázquez Seijas; o Comisario Regional

era Carlos Alonso del Real, que se incorpora en 1955 á cátedra de Prehistoria e Historia Universal Antiga e Media da Universidade de Santiago e que xa desempeñara en Madrid o cargo de Secretario da Comisaría General— sumárase Xosé María Álvarez Blázquez, que é nomeado en 1949 Comisario Local de Vigo. Como tal haberá desenvolver unha sobresaínte acción na localización, salvagarda e estudo de diversos xacementos da área urbana e do alfoz da cidade, enriquecendo as salas de Arqueoloxía do Museo Quiñones de León. Abonda neste punto mencionar as súas actuacións nas necrópoles romanas da avenida de Beiramar e da rúa do Areal, co descubrimento das magníficas estelas, datables no século III d. de C., na recuperación da ara de Panxón dedicada a Mercurio, no castro de Vigo ou no significativo xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño (Aguirre, 1964).

As investigacións que se realizan neste período, que abrangue os anos corenta e cincuenta do século XX, centráronse fundamentalmente na cultura castrexa, ben continuando os traballos encetados denantes da guerra, caso dos castros do Trega, San Cibrao ou Cameixa, ben iniciando novas escavacións nos de San Millán, Medeiros, Outeiro de Baltar, Elviña, Meirás, Torroso; na cultura megalítica, con intervencións novidasas en túmulos da península do Morrazo; ou na arte rupestre, seguindo e actualizando a liña aberta por Sobrino Buhigas. No que fai ás evidencias culturais máis antergas, paleolítico e mesolítico, a primeira escavación cunha focaxe científica será a da estación das Gándaras de Budiño, en 1963. Non obstante, os traballos anteriores de Bouza Brey e Álvarez Blázquez relativos aos materiais avulsos procedentes dunha ampla área do Baixo Miño, han constituír un fito no coñecemento das industrias e do mundo paleolítico en Galiza, e sen dúbida o noso autor haberá ser un dos seus máis sobranceiros investigadores.

En efecto. Na súa bibliografía arqueolóxica salientan os traballos dedicados ao paleolítico do Baixo Miño, que asina xunto co seu dilecto amigo Fermín Bouza Brey. En 1949 e 1953 darán ao prelo senllos estudos relativos aos achados líticos prehistóricos recollidos en superficie; o primeiro deles corresponde á zona de Tui (Álvarez Blázquez e Bouza Brey, 1949: 201-250), —materiais que foran recadados nos anos 1933 e 1934, sendo Álvarez Blázquez estudante de bacharelato— e o segundo aos achados, tamén en superficie, producidos ao longo dos anos corenta e inicios dos cincuenta, nos concellos da Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño (Bouza Brey e Álvarez Blázquez, 1953-54: 5-65).

En ambos os dous procuran fixar a orixe e formación das amosas culturais máis antergas das poboacións que ocuparon aqueles territorios no plistoceno. Dende unha perspectiva actual, na que a investigación destas culturas progrediu substancialmente e camiña por presupostos en parte distintos aos que deron sustento ás referidas pescudas, hai que salientar que constituíron un notable avance no coñecemento da actividade humana nos tempos do paleolítico e do mesolítico na Galiza. Da súa sinopse de evolución cronolóxica tiran algunhas conclusións que poden compendiarse como segue: no que fai á tipoloxía constátase a existencia de industrias, con instrumentos fabricados

sobre de núcleos e sobre de lascas de cuarcita, que se corresponderían coas distintas facies culturais do paleolítico inferior, e tamén do asturiense mesolítico, xuntamente con formas de tradición paleolítica, protoasturiense. Suxiren unha secuencia cultural sen solución de continuidade dende o paleolítico inferior, no plistoceno, até o asturiense, xa no holoceno, na que a ausencia na zona dos característicos complexos culturais do paleolítico medio e superior europeos, sería ocupada por unha cultura local denominada camposanquiense, apoiando esta hipótese nas teorías que ao respecto adiantara H. Breuil. Sobrancean as semellanzas cos materiais das veciñas estacións portuguesas, na procura dunha identidade cultural na área galaico-duriense, e confirman a continuidade dos achados cara ao curso alto do Miño que virán ratificar investigacións posteriores. A ausencia de sílex neste territorio propiciaría a utilización do material local de cantos rodados de cuarcita xerando, xa que logo, unhas industrias de características diferenciadas e xenuínas (García Martínez, 2001: 161,162). A metodoloxía empregada nestes traballos non tiña ren que envexar a outras publicacións contemporáneas; o estudo das pezas sitúase no seu contexto xeográfico e xeolóxico, coa análise das terrazas cuaternarias, e faise tendo en conta a técnica da talla, a pátina, os sinais de uso, etc.

Cómpre subliñar que estamos ante dúas investigacións que defrontan por primeira vez estes complexos períodos da nosa prehistoria cunha óptica de análise de conxunto dun territorio. Evidentemente, ao tratarse de achados avulsos as consideracións que se tiran dos mesmos amosan unha serie de limitacións que hai que ter en conta á hora de valorar estas achegas bibliográficas. Non obstante, podemos consideralas como das máis importantes no estudo do paleolítico galego que se realizaron até a publicación das escavacións das Gándaras de Budiño.

No que atinxe a esta estación paleolítica, Álvarez Blázquez terá un protagonismo destacado. Budiño converterase na primeira con materiais aparecidos no seu contexto. Como Comisario Local de Escavacións Arqueolóxicas e unha vez que ten noticia dos primeiros útiles recollidos, realizará varias visitas ao lugar no inverno do 1961-1962, nas que recada, nas terras procedentes dos cortes da explotación de arxila e caolín que causou a descuberta, algo máis de douscentos artefactos, que despois de anos abondo se instalarán na sala de Arqueoloxía do Museo de Castrelos, pola que tanto se tiña esforzado. Será el quen lle amose a Emiliano Aguirre e a Desmond Collins, en setembro de 1963, o xacemento que será escavado no verán do mesmo ano (Aguirre, 1964). En 1965 escribirá o noso autor sobre da importancia dos resultados obtidos:

O panorama da nosa Prehistoria ábrese agora en perspectivas moito máis definidas que deica ben poucos anos atrás. Permítasenos a inmodestia de declarar o noso gozo pola mínima parte que nos cadró no descubrimento da estación de Budiño e, sobor de todo, pola inmerecida confianza que o P. Emiliano Aguirre quixo dispensarnos coma colaborador na crasificación dos útiles descubertos. (Álvarez Blázquez, 1953-1954: 375).

Álvarez Blázquez saudou con ledicia a iniciativa do P. Aguirre de converter, co apoio do concello do Porriño, parte do escavado nun museo de sitio, no que se podería contemplar o taller de talla asoellado, xunto cos instrumentos del saídos, ao modo do que se tiña feito no xacemento de Torralba, en Soria. Pronto a ledicia se trocaría en decepción ao non realizarse o proxecto.

Unha outra importante achega ao coñecemento da prehistoria galega na que participou Álvarez Blázquez é, sen dúbida, a descuberta da cista e enxoval de Atios. Nesta freguesía do Porriño e no lugar de Tunés, ao achanzar un terreo, no verán de 1967, deuse cun enterramento en cista que acubillaba un interesante enxoval. Do achado dáse conta ao noso autor, quen acomete a súa escavación de urxencia, que fornecerá dous puñais de cobre, dous pequenos cilindros, de 2,9 e 2,3 cm de diámetro, de finísima lámina de ouro con decoración ondulada en entrantes e saíntes horizontais e un arame espiraliforme en cilindro, de sección romboidal, de prata, de 1,5 cm de altura e 2,1 de diámetro. A importancia do enterramento viña dada tanto polo espolio, como polo feito de estar aquel intacto. No ángulo N.O. da cista situábase unha pedra de seixo, que podería indicar a cabeceira do sepulcro. Con algúns paralelos en Galiza e na fachada atlántica, os materiais e o xácigo poden enmarcarse nun horizonte cronolóxico correspondente ao Bronce Inicial (1800-1500 a. de C.), momento no que as relacións con outras fisterras do atlántico europeo son xa evidentes e darán lugar a interesantes afinidades culturais (Álvarez Blázquez, Acuña Castroviejo, García Martínez, 1970).

No ámbito da cultura castrexa non son moitos os traballos de Xosé María, pero si significativos, xa que proporcionan informacións sobre xacementos descoñecidos ou pouco tratados nos que fixo intervencións a principios dos anos 30 e dos que nos deixou uns diarios de escavación que, en parte, reflicten as normas de catalogación que por entón o SEG promulgara (*Nós* 1927).

Xa en 1933 intervén con Fernández Costas en Cabeza de Francos (Pazos de Rei, Tui), un castro próximo ao monte Aloia que algúns autores quixeron identificar co famoso monte Medulio. Alí recuperou un abondoso espolio, depositado daquela no Instituto de Segunda Ensinanza de Tui, que a partir dos debuxos e dos textos leva a unha época romana. Por certo, este xacemento foi visitado por Mergelina, o que amosa os contactos que tiña cos arqueólogos da época (Mergelina, 1944-1945).

No ano 1934 realiza unhas calicatas no castro da Guía, atopando algúns materiais dos que pola descrición que fai non podemos saber a súa cronoloxía (Álvarez Blázquez, 1935).

E no mesmo ano intervén máis profundamente no castro de San Xoán de Baión (Vilanova de Arousa) segundo se traduce dun informe, agora recuperado, no que xunto a algún dos seus irmáns Alfonso, Emilio e Álvaro, e a Celso García de la Riega, fillo, recupera un considerable conxunto de pezas líticas e cerámicas que polas descricións que fai e ante a falla de debuxos, podemos considerar de época romana. Resulta interesante comprobar como Xosé María leva o espírito do SEG cando amosa a súa disposición a

enviarlle a un veciño que traballara con el *folletos* do SEG (Álvarez Blázquez, en Méndez Quintas, 216).

Non será ata os anos 70 cando o ilustre homenaxeado volva atoparse coa cultura castrexa. Nesta ocasión nunha operación que tentaría salvar o posible do castro e a necrópole da illa de Toralla, ameazados pola inminente construción das torres que ao final esmagarían todo o contorno. Alí Xosé María descubriu varias casas, un forno de cerámica, un bo lote de cerámica cunha decoración moi rica e variada, unha agulla de coser e un anzol de bronce. Na parte central da illa había varias cistas, que xa visitara Obermaier, e que pensaba escavar (Obermaier, 1923).

Nesta mesma época tamén traballaría no castro de Vigo, no que descubriría catro construcións de planta circular e recuperaría moitos fragmentos de cerámica castrexa, ánforas de distinta tipoloxía, sigillata, fíbulas e fusaiolas moitas delas decoradas. Todo ese material foi depositado no Museo Quiñones de León.

Fóra do campo das escavacións, hai que salientar a súa preocupación pola recuperación de pezas e materiais, cumprindo así o seu papel como Comisario. A este respecto interesa aquí dar conta das novas que proporciona a Taboada Chivite co gallo da publicación da *Escultura celto-romana* na serie *Cuadernos de Arte Gallego* dirixida por el sobre os achados escultóricos en Tui e Gaxate (Acuña, 2007).

No que respecta ao mundo romano o seu labor foi notable e unha mostra deste é a recuperación en épocas difíciles –para o que se valeu do seu cargo honorífico de Comisario– de testemuños epigráficos da importancia do grupo de estelas da rúa de Pontevedra, as aras de Donón, a ara de Panxón e algunha outra peza de non menor interese.

No ano 1953, con motivo dunhas obras na viguesa rúa de Pontevedra, sita no barrio do Areal, descubriuse unha estela, o que ocasionou a pertinente escavación que permitiu localizar trinta pezas enteiras ou fragmentadas dun grandísimo valor tanto pola súa morfoloxía e riqueza decorativa como pola epigrafía, que constitúen un conxunto único no ámbito de Gallaecia (Juliá, 1971).

A nova do achado foi presentada á comunidade científica no III Congreso Nacional de Arqueoloxía que tivo lugar en Galicia e Norte de Portugal no mesmo ano (Álvarez Blázquez, 1955: 462-475) e con posterioridade, xunto con Bouza Brey, foi obxecto dun fascículo das *Inscripciones romanas de Galicia* no que se recollerían todas as inscricións de Vigo e a súa comarca (Álvarez Blázquez e Bouza Brey, 1961: 5-42).

En ambos os traballos rexístrase un pormenorizado estudo do contexto, é dicir, do que por aquel entón se sabía do Vigo romano, no que salientan a importancia tanto do castro como do barrio do Areal, o que a arqueoloxía urbana desenvolvida nos últimos anos vén confirmar. Non obstante, o máis importante é o estudo dedicado nas I.R.G. ao conxunto das estelas, xa que os autores non se limitan a unha análise epigráfica como era habitual na época, senón que fan unha serie de consideracións moi interesantes sobre as estelas relivarias, a indumentaria e a simboloxía. Neste sentido amosan estar ao

día na investigación que se facía fóra de Galicia naquela altura, como se pode ver na bibliografía utilizada (Balil, 1960), xa que son pioneiros en recoñecer a importancia do conxunto para o coñecemento da escultura romana provincial de carácter popular.

Constatan a presenza de clunienses en Vigo (García Merino, 1973) e cren na súa influencia sobre dos artistas indíxenas no que se refire á plástica funeraria, o que hoxe en día non parece viable.

Por último, hai que destacar o estudo global que, xunto con Bouza Brey e Massó Bolívar, realiza sobre as aras do santuario galaico-romano do Facho, en Donón, Ío, Cangas, xa que non só estudan unha vez máis o contexto, senón que tamén analizan os aspectos folclóricos xunto á epigrafía, cunhas lecturas que hoxe, cos novos achados tras as escavacións levadas a cabo nos últimos anos, non son axeitadas no que se refire ás dedicacións a Baco mais si no resto das lecturas (Bouza Brey, Álvarez Blázquez e Massó Bolívar, 1971). Temos que ter en conta a época na que escriben e o material que tiñan á man, mais o fundamental é o recoñecemento da existencia dun santuario galaico romano, até entón unha novidade na Galicia antiga. Anos despois desta publicación Isidoro Millán publica o conxunto das aras do Museo Quiñones de León e mais as do Museo Provincial de Pontevedra, chegando a unhas conclusións que hoxe en día están superadas pero que tiveron a súa importancia naquel momento (Millán González Pardo, 1978).

Nos últimos anos realizáronse escavacións no monte do Facho, que tiveron como principais resultados o recoñecemento dun asentamento castrexo e a utilización posterior, nunha área diferente, como santuario galaico-romano, xa en tempos serodios séculos II-IV (Schattner, Suárez Otero e Koch, 2006).

Nunha recente exposición no Museo Quiñones de León púidose ollar toda a historia deste xacemento e os principais protagonistas da súa descuberta e divulgación (VV.AA., 2005).

Completan este traballo a ara dedicada a Mercurio procedente de Panxón, tres ladrillos con signos zodiacais que destacan polo novidoso e unha pía hexagonal localizados en Oliveira (Teis).

Por outra banda, como home inqueda que era, sempre andou á procura de documentos e notas que puideran reflectir a nosa historia. E así recuperou as notas manuscritas do século XIX sobre os achados de Panxón, nas que se falaba da descuberta do mosaico con temática mariña, que formou parte da Colección Blanco-Cicerón, das moedas atopadas e doutros restos romanos.

Como recapitulación final a estas consideracións sobre o papel de Xosé M.^a Álvarez Blázquez na arqueoloxía galega hai que insistir en que foi un herdeiro do Seminario de Estudos Galegos, que continuou o labor dos predecesores utilizando a mesma metodoloxía pero, como home do seu tempo, aplicando as novas liñas de traballo que se estaban a producir. Aberto a todo tipo de colaboracións, procurou atraer a xente moza ao campo da investigación, poñendo á súa disposición o que el tiña sen ningún afán de protagonismo.

O tempo da posguerra, no que realizou parte importante dos seus traballos, non era nada propicio para aqueles que defendían a identidade nacional de Galiza. Con todo, retomaron en circunstancias moi adversas, mesmo para o ámbito das disciplinas mencionadas, unha laboría que fora drasticamente coutada, e que pode cualificarse como unha arqueoloxía de resistencia. Para desenvolver o seu quefacer naquela complexa etapa resultou fundamental o ter desempeñado o comisariado local de escavacións, xa que dende ese posto puido canalizar as súas inquedanzas investigadoras e grazas a estas e ao seu prestixio intervir, escavar e axudar a recuperar materiais tan importantes coma os das Gándaras de Budiño, Atios, as estelas funerarias de Vigo e tantas outras pezas que hoxe figuran no Museo Quiñones de León en Vigo, que tanto lle debe.

Xosé María Álvarez Blázquez non foi un arqueólogo profesional, a súa formación foi fundamentalmente autodidacta e, como outros moitos investigadores destas disciplinas, moveuse na órbita de Florentino López Cuevillas, paradigmático expoñente da liña galeguista no estudo e valoración dos feitos arqueolóxicos, tentando tirar deles aspectos definidores dunhas específicas culturas, que contribuirían á conformación do feito diferencial de Galiza, achándose naquelas o celme da súa identidade. En definitiva, o ideario do Grupo Nós: historia e cultura xenuínas, substanciais para afiuzar a conciencia colectiva como pobo.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña Castroviejo, Fernando (1987): "Novas pezas campaniformes de Budiño (Porriño-Pontevedra)", *Castrellos* 0, pp. 55-60.
- Acuña Castroviejo, Fernando (2007): "Reflexións sobre *A escultura celto-romana* de D. Xesús Taboada Chivite", *B. Avr.* XXXVII, pp. 153-162.
- Aguirre, E. (1964): *Las Gándaras de Budiño, Porriño (Pontevedra)*. EAE 31.
- Álvarez Blázquez, José M.^a (1955): "Hallazgo de estelas funerarias romanas en Vigo (Pontevedra)", *III CAN* (Vigo 1953), Zaragoza, pp. 462-475.
- Álvarez Blázquez, Xosé M.^a (1953-54): "Estudo da estación Paleolítica das Gándaras de Budiño (Pontevedra)", *Grial* 9, pp. 374-375.
- Álvarez Blázquez, José M.^a e Bouza-Brey, Fermín (1949): "Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy", *CEG* IV, pp. 201-250.
- Álvarez Blázquez, José M.^a e Bouza-Brey, Fermín (1961): "Inscripciones romanas de Vigo", *CEG* XVI, pp. 5-42.
- Álvarez Blázquez, J. M.^a, Acuña Castroviejo, Fernando e García Martínez, M. Carlos (1970): "Cista y ajuar funerario de Atios (Porriño)", *CEG* XXV, pp. 20-36.
- Álvarez Cáccamo, Xosé M.^a (2008): *Tempo do pai*. Vigo: Galaxia.
- Armada Pita, Xosé Lois (2003-2005): "Los orígenes de la arqueología universitaria en Galicia", in Cabrera Valdés, V. e Ayarzagüena Sanz, M.: *El nacimiento de la Prehistoria y de la Arqueología científica*. *Archaiá* 3, 4 e 5, pp. 257-265.
- Balil Illana, Alberto (1960): "Plástica provincial en la España romana", *RG* LXX, pp. 107-131.

- Bouza Brey, Fermín e Álvarez Blázquez, Xosé M.^a (1953-54): "Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)", *TAE XIV*, pp. 5-65.
- Bouza Brey, F., Álvarez Blázquez, José M.^a e Massó Bolibar, Enrique (1971): "Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)", *CEG XXVI*, pp. 64-81.
- Fernández Costas, Manuel (1929): "As industrias líticas da Guardia. Novas estazóns", *Nós* 64, 65, 66, *passim*.
- Fernández Costas, Manuel (1930): "Notas encol do Asturiense na bisbarra d'A Guardia. Campaña de 1929", *Nós* 83, pp. 212-217.
- Filgueira Valverde, Xosé (1987): *Adral V*. Sada: Edicións do Castro.
- García Martínez, Carlos (2001): "Bouza Brey e a prehistoria de Galicia", in *Xomadas sobre Fermín Bouza Brey*. Santiago: Xunta de Galicia, pp. 151-166.
- García Martínez, Carlos (2007): "Notas arredor de Xesús Taboada, arqueólogo", *B. Avt.* XXXVII, pp. 47-76.
- García Merino, Carmen (1973): "Las tierras del Noroeste de la Península Ibérica: Foco de atracción para los emigrantes de la Meseta en época romana", *HA* 3, 9-28.
- Julia, Dolores (1971): *Étude épigraphique et iconographique des stèles funéraires de Vigo*. Heidelberg: F.H. Kerle.
- Méndez Quintas, Eduardo (coord.) (2008): *Homenaxe a X. M. Álvarez Blázquez (1). Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo: Instituto de Estudos Miñoranos.
- Méndez Quintas, Eduardo (2008): "A arqueoloxía e X. M. Álvarez Blázquez", *Escritos*, cit., pp. 19-39.
- Mergelina, Cayetano de (1943-1944): "La citania de Santa Tecla. La Guardia (Pontevedra)", *BSEAAV XI*, pp. 13-54.
- Millán González-Pardo, Isidoro (1978): *Sobre las aras del santuario de Donón (Hío, Pontevedra): Supuestamente dedicadas a Liber*. Vigo: Concello de Vigo.
- Seizón de Prehistoria do SEG (1927): "Catálogo dos Castros Galegos. Verbas preliminares", *Nós* 46, 18.
- Obermaier, Hugo (1923): "Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia", *BCPMHAO VII*, núm. 148-149, 1-23 e 25-48.
- Prado Fernández, Otilia (1997): *Aportación do Seminario de Estudos Galegos á Arqueoloxía: Unha revisión*. I Premio Xesús Ferro Couselo, Valga: Concello de Valga.
- Schattner, Thomas G., Suárez Otero, José e Koch, Michael (2006): "Monte do Facho (O Hío, Prov. Pontevedra) 2004: Bericht über die Ausgrabungen im Heiligtum des Berobreus", *MM* 47, pp. 169-192.
- VV. AA. (2005): *Para o Deus Berobreo: Aras do Santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo. 7 de xullo ao 1 de outubro 2005*. Vigo: Museo Municipal Quiñones de León.